

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002347	CEIP Pérez Viondi	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación vai dirixida ao 1º curso de Educación Primaria . A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica. Na nosa Comunidade concrétese no Decreto 155/2022.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

A finalidade desta área é que o alumnado desenvolva as súas habilidades cognitivas de observar, ordenar, representar, avaliar... Ademais, é necesario fomentar no noso alumnado a curiosidade sobre os novos fenómenos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmos, a necesidade de coidar o propio corpo, o pensamento crítico que non está satisfeito cunha actitude pasiva, permitirlles pensar e desenvolver o seu pensamento de forma independente, así como respectar as opinións dos demais e iniciarse na argumentación e o debate de ideas.

Por último, o noso centro está enmarcado nun contexto urbano duns 20.000 habitantes que traballan principalmente sector secundario e gran parte do alumnado ten relación co medio rural que rodea o casco urbano. Esta PD aproveitará as posibilidades que ofrece a nosa contorna a través das diferentes UD.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estamos na escola	Centrarémonos en coñecer as diferentes estancias do colexio, a xente que traballa no mesmo (introducindo as profesións) e as normas e dereitos.	16	12	X		
2	A cidade	Trataremos como é a vida nas cidades e como podemos melloralas, introducindo os camiños escolares seguros.	18	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Lixo ningún	Mediante o coñecemento das paisaxes traballaremos o coidado das mesmas e as principais medidas de reciclaxe.	16	10		X	
4	Auga necesaria	O aforro de auga, a redución da contaminación e a interpretación do mapa do tempo serán as principais temáticas abordadas nesta unidade didáctica.	16	12		X	
5	Artistas con arte	Grazas o coñecemento de obras de arte coñeceremos fitos históricos do pasado, como é o noso presente e intuiremos como será o tempo do futuro.	18	12			X
6	Coidamos os océanos	Coñeceremos os principais continentes e a súa protección tomando a Greta Thunberg como abandeirada nesta loita.	16	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Estamos na escola	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Respecta as normas de uso dos dispositivos.	TI	100
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Recoñece modelos positivos de condutas non sexistas na contorna próxima.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Valora a boa convivencia.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece as principais normas de entrada e saída no colexio e na rúa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	A cidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Respecta as normas de uso dos recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por coñecer máis sobre os camiños escolares seguros.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos cos compañeiros/as.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas de diferentes elementos da nosa vila.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por coñecer máis da nosa vila.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identifica institucións da nosa vila.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece normas como usuario da cidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
3	Lixo ningún	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Realiza predicións sobre paisaxes naturais ou humanizadas.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Realiza unha representación da paisaxe a pequena escala.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece propiedades do medio natural (rochas na paisaxe).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Identifica accións de coidado das paisaxes por parte das persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
4	Auga necesaria	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sobre medidas de aforro de auga.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Respecta as normas dos experimentos realizados.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece características do medio natural relacionadas coa auga.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñece os efectos perxudiciais da contaminación e coñece medidas para contrarestala.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Coñece e respecta o patrimonio cultural e natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
5	Artistas con arte	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Coñece monumentos da nosa contorna.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Coñece e respecta bens comúns.	TI	100
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	É capaz de ordenar temporalmente feitos históricos relevantes e próximos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece formas de vida históricas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Coidamos os océanos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Realiza predicións sobre as diferentes augas.	TI	100
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostra actitudes non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñece medidas de coidados dos océanos.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Emprega nocións básicas de medida.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas e grupos sociais relevantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

Contidos

- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural. Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxeturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia, entre diferentes pensamentos. É ao redor destas diverxencias onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas dos alumnos. A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación dos feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo isto conduce á introdución do método científico. Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias Sociais. O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo cooperativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado. Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula. O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento. A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen: evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos. Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia. En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

RECURSOS PERSOAIS: coma recursos persoais destacamos a labor do profesor titor que será o encargado de impartir a materia pero non podemos esquecer a labor do resto de docentes do centro que poderán colaborar de forma coordinada. É de especial importancia contar coa colaboración dos especialistas de PT e AL e co asesoramento do Orientador/a do centro que guiará a labor do mestre cando este presencie algunha necesidade específica no alumnado. Non podemos esquecer a figura do bibliotecario que axudará facilitando diversos. É moi importante involucrar as familias no proceso de aprendizaxe do alumnado polo que debemos establecer unhas adecuadas canles de comunicación e programar actividades que os faga partícipes neste proceso. Por último a labor de todas aquelas entidades e asociacións (concello, museos, teatro...) que nos ofertan actividades educativas e que poden ser moi interesantes para ampliar e reforzar os coñecementos do alumnado.

RECURSOS MATERIAIS: son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo diario na aula. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, pegamentos...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, libro de texto do alumnado.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: a aula ordinaria conta cos seguintes recursos tecnolóxicos de xeito permanente: un ordenador, unha pizarra dixital e un proxector. Existen no centro outros espazos a disposición do alumnado con outros recursos tecnolóxicos: scornabots, tablets, ordenadores...

RECURSOS DIXITAIS: contamos con aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, actividades interactivas... Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.
RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro onde atopamos fondos de consulta e lecer, a biblioteca creativa, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de informática aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.
Kahoot
Aula virtual
Globo terráqueo
Mapas e planos

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información empregaremos distintos tipos de instrumentos de recollida de información: proba escrita, test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	18	16	16	18	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos as probas escritas e as diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, dianas de autoavaliación, rúbricas, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: * 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7) A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

O punto de partida das nosas actuacións será a avaliación inicial. Partiremos do Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve. Serán clave as actividades de ampliación e reforzo, as actividades de seguemento e as actividades especificamente deseñadas. Neste sentido será vital a adaptación dos instrumentos de avaliación. As medidas tomaranse ao principio de curso e de cada UD. Os primeiros claustros sobre avaliación inicial tamén son un momento idóneo para afrontar estas medidas en coordinación co resto do profesorado. Dado o caso articularanse medidas de reforzo educativo durante o curso cando ocorra unha situación especial nese período de tempo. Necesitamos saber o rendemento en cursos anteriores, aspectos físicos, de saúde, sociais, cognitivos a comezo do curso. Pero ao comezo de cada UD coñeceremos tamén os seus intereses, motivacións e coñecementos previos. Non podemos esquecernos da diversidade ordinaria existente en calquera grupo humano. Atenderase a cada alumno de xeito individualizado, tratando de darlle unha resposta ás súas necesidades e características. No caso de que ao longo do curso académico se detectaran outras necesidades no alumnado ou se incorporaran nenos novos, levaríanse a cabo as propostas establecidas no Plan de Atención á Diversidade do centro, así como no resto de documentos do centro, adoptando as medidas oportunas para a súa atención.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - 1.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - 2. Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - 3.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - 4. Fomento d creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X		X	X	X
ET.5 - 5. Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - 6. Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - 7. Educación para o consumo responsable e do desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - 8. Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais 5 e 6 traballaranse, de xeito especial, través das conmemoracións do Día internacional da Muller e o Día da Paz.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Vista á biblioteca municipal (Casa das Letras) e a praza do mercado municipal		X	
Saídas culturais	Visita a museos e entornos naturais.	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar como pode ser o Día das letras Galegas, o Día da Paz, o Día Mundial da saúde, do Medio ambiente....	X	X	X
Celebracións do samaín, magosto, Nadal, entroido, fin de curso...	Realizadas dentro do centro escolar e aprobadas polo claustro.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais. Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso. O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes. Ademais das sinaladas inclúense as que se aproben ao longo do curso segundo as necesidades xurdidas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha planificación adecuada?

Metodoloxía empregada
Fíxose partícipe ao alumnado da aprendizaxe?
A metodoloxía permitiu acadar os obxectivos propostos?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Relacionáronse os recursos dos programas do centro coa área?
Que aspectos se poden mellorar da xestión de clase?
Aproveitáronse os recursos do centro?
Medidas de atención á diversidade
Foron adecuadas as medidas de atención á diversidade?
Coordináronse as actuacións co equipo de orientación?
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula permitiu acadar os obxectivos propostos?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizáronse as suficientes reunións co resto de equipos docentes?
A coordinación coas familias foi adecuada?

Descrición:

Cando falamos de avaliación temos que poñer en valor a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co obxectivo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

9. Outros apartados